

My Locker: aplicación de contidos dixitais para alumnos

Queridas familias:

Como complemento ao material físico da nosa metodoloxía, tamén teredes á vosa disposición a aplicación móbil **My Locker**, con contidos audiovisuais e xogos interactivos adicionais relacionados con cada historia do curso.

Os pasos que deberedes seguir para acceder á aplicación desde o voso dispositivo electrónico (xa sexa móbil ou tableta) son os seguintes:

Paso 1: Ir á tenda de aplicacións móbiles. (Play Store para Android / App Store para iOS)




Paso 2: Descargar a aplicación **My Locker**.



My Locker

Paso 3: Cando abrades a aplicación, veredes a pantalla de abaixo. Deberedes introducir o voso nome de usuario e contrasinal, que serán os seguintes:



Credenciais alumnos:

Usuario: [nombre]. [primer apellido] [autonómico].

Exemplo: [jose.rodíguez1]

Contrasinal: [xxxxx]

Credenciais familiares:

Usuario:

Contrasinal:


A continuación deberedes pulsar "Continue" e aceptar o apartado de "Términos legais".



A aplicación dispón de dous tipos de perfil diferentes: pais e/ou nais e alumnos/as. Os usuarios e os contrasinais son diferentes para cada perfil de usuario coa fin de que iniciades sesión co que vos pareza máis oportuno.


Se o usuario/a que iniciou sesión é alumno/a pasará directamente ao menú de selección de contidos, mentres que se iniciades a sesión cun perfil de pai/nai, primeiro teredes que seleccionar o locker do voso fillo/a (ou dun deles no caso de que teñades máis dun fillo/a) para poder acceder á pantalla de menú de contidos.

Paso 4: Selección do locker do voso/a fillo/a. Ademais, poderedes personalizalo coa foto que queirades.




Paso 5: Unha vez seleccionado o perfil do voso fillo/a, accederedes á pantalla de menú de contidos deseñada segundo o curso que o voso fillo/a cursa.

No caso dos cursos Babies, o menú inclúe Audios e Vídeos, mentres que no caso de Kids, teredes Games.



Audios

Nesta sección poderedes acceder facilmente ás pistas de audio do curso. Do mesmo xeito que os vídeos, se poderán descargar e escoitar en modo offline. Querémosvos lembrar a importancia de escoitar a diario a pista de audio correspondente á historia en curso, pois se trata dun aspecto clave na metodoloxía Kids&Us. Esta aplicación é unha ferramenta que facilita o acceso aos audios para que o voso fillo/a os escoite coa frecuencia óptima desexada.




Vídeos

Nesta sección, os vosos fillos/as poderán ver capítulos de debuxos animados adaptados á súa idade. Ademais, poderanse descargar e escoitar sen necesidade de estar conectados a Internet.

Ademais, os episodios de debuxos animados tamén incluírán xogos interactivos axeitados para os tres grupos de idade dentro da sección de vídeos da aplicación.


1ª franxa de idade
Mousy-Emma
Betty Sheep







2ª franxa de idade
Oliver-Marcia
Gina Ginger & Charlie Chives



3ª franxa de idade
Pam&Paul e
Ben&Brenda:
SuperKids




Os vosos fillos/as, inmediatamente despois de ver o episodio de animación, poderán seguir a gozar co inglés con tan só  |  |  facer clic na icona  que os levará a unha nova pantalla con contidos dixitais interactivos desenvolvidos pedagoxicamente consonte á súa idade.

Xogos (Sam - Ben&Brenda)

Nesta sección atoparedes xogos interactivos deseñados especificamente para cada personaxe e historia, para que desde casa poidades seguir practicando o vocabulario e as estruturas que se traballan en clase. O voso fillo/a terá acceso a oito bloques de actividades, dúas por historia. Estes bloques irán aparecendo progresivamente a medida



que o curso avance. Veredes que cada bloque se subdivide en distintos apartados. Devanditos apartados deben completarse por orde descendente. Primeiro hai que completar o apartado de Family, seguido de Moods e, por último, Colours.



* Cada vez que haxa un contido novo dispoñible, recibiredes unha notificación coa mensaxe "NEW" para mantervos informados da actualización do contido pedagóxico da aplicación.

Duración do contido

A singularidade que presenta a aplicación **My Locker** é o seu contido, adaptado pedagóxicamente a cada curso, posto que ten unha data de caducidade vinculada ao ano académico. É dicir, a aplicación permanecerá habilitada mentres dure o curso escolar, pero cando este acabe, expirará e, por conseguinte, pecharase o acceso do personaxe do curso que fixese o voso fillo/a e activarase o contido do seguinte.

Desde Kids&Us esperamos que saquedes o máximo partido á aplicación e que fagades dela unha ferramenta útil para seguir reforzando as estruturas traballadas en clase. Lembrede que o voso papel é fundamental para garantir que o voso/a fillo/a siga progresando na aventura de aprender inglés.

Happy learning!

